

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ESPAÑOLA



Poboación absoluta \neq

Poboación relativa

↙
Nº total de persoas que habita nun territorio (país, provincia, Concello...)

↘
Nº total de persoas que habita nun determinado lugar, en relación á superficie en Km² que ocupa ese territorio. $N^{\circ} \text{ hab/Km}^2 = \text{“densidade de poboación”}$

Datos pob. 1-1-2015 / 1-1-2018


Narón: 39.565 / 39.115

Galicia: 2.732.347 / 2.700.970

España: 46.624.382 / 46.658.447

Alemaña 82,8 millóns, Francia 66,3 millóns, Reino Unido 67,2 millóns, Italia 60,4 millóns...





Crecedemento moi importante nos últimos anos, incremento de 5 millóns de habitantes, **motivos?**



Desaceleración do crecedemento nas décadas dos 80 e 90: forte control voluntario da natalidade.

Crecedemento continuado da poboación entre o ano 1900 e 1981, que foi especialmente importante nas décadas dos 60 e 70.



Nestas cinco cidades vive preto do 15% da poboación!!



:: Las provincias de España con más habitantes

Datos INE, a 1 de xullo de 2017

Posición	Provincia	% pob.España	Habitantes
1	Madrid	13,97	6.507.184
2	Barcelona	11,97	5.576.037
3	Valencia/València	5,46	2.540.707
4	Sevilla	4,16	1.939.527
5	Alicante/Alacant	3,92	1.825.332
6	Málaga	3,50	1.630.615
7	Murcia	3,16	1.470.273
8	Cádiz	2,66	1.239.435
9	Bizkaia	2,47	1.148.302
10	Coruña, A	2,40	1.120.294

O 54% da poboación residente en España vive en 10 provincias!!

Alta densidade de poboación

≠


Superpoboación

Nº elevado de habitantes por cada km² dun determinado territorio. >100 hab/Km²




Territorio onde o número de habitantes é superior aos recursos dispoñibles para atender ás necesidades de dita poboación.





Baleiro ou deserto demográfico:
territorio que ten menos de 10 hab/km².



A Serranía Celtibérica, un deserto demográfico rodeado de 22 millóns de persoas!!

N
 0 250 500 km.
 www.geoterconsultores.com

GUIÓN para o Comentario do mapa da páx. 301:

“Densidade de poboación en España en 2015”




1º.- Facer a “clasificación” do mapa: Tras analizar o título e a lenda do mapa, hai que indicar:

- Tipo de mapa e escala: xeral ou temático, escala grande ou pequena...
- Feito xeográfico representado, indicando o espazo xeográfico ao que se refire, a cronoloxía...
- Indicar como vén dada a información: mapa cuantitativo, cualitativo, fai uso de liñas, cores, figuras...

2º.- Comentario do mapa: Analizar a información que presenta o mapa:

- Definir o feito xeográfico representado, neste caso: densidade de poboación.
- Indicar a localización espacial ou a distinta distribución do feito xeográfico representado, neste caso: sinalar cales son as provincias con maiores densidades de poboación, as que teñen as menores densidades... pero non esquezades sinalar os datos do mapa, comparalos coa media española, sinalar contrastes dentro da mesma Comunidade...
- **Explicar** o feito xeográfico representado, sinalando as causas da súa distribución espacial, as súas consecuencias...




UNHA DISTRIBUCIÓN IRREGULAR


A densidade media de pob. en España era de **92,29 hab/km²** nos **inicios de 2015**, unha cifra que foi medrando ao longo do tempo (82,6 hab/km² no ano 2002) e que pode considerarse **media-alta**, pero que é baixa con respecto a outros países da UE (Alemaña 230 hab/km², Bélxica 353, Reino Unido 259, Italia 202...).

Pero esa cifra esconde **fortes desequilibrios:**

Costa densamente poboada / interior case despoboado



Pero, en definitiva, nin o centro está uniformemente despoboado, nin as zonas costeiras presentan homoxeneidade nos seus elevados índices de densidade. Feito que queda demostrado atendendo á información que nos da un mapa de *isodensas*.



Grandes áreas de poboación, con import. dens.

- No interior peninsular:

Madrid e algunhas capitais de provincia: Zaragoza, Valladolid, Sevilla.

- Na periferia peninsular:

Entorno de A Coruña e as Rías Baixas, o litoral asturiano, o entorno de Santander, o litoral do P. Vasco, Barcelona e a súa área de influencia, o litoral levantino (Valencia, Alicante, Murcia) e Andalucía occidental (Baixo Guadalquivir e Costa do Sol).

- Ambos arquipélagos:

- Canarias: Norte Tenerife e Gran Canaria.
- Balears: illa de Mallorca.


Grandes áreas de baleiro, con dens. inferiores á media e incluso moi baixas

- No interior peninsular:

As dúas Castelas, Extremadura, Aragón, Andalucía interior e con “mellores” datos Navarra e A Rioxa.


- No interior das Comunidades costeiras:

Galicia interior: Lugo e Ourense, Asturias e Cantabria interior e interior de Cataluña.



Segundo os datos do INE, en sete provincias españolas -Teruel, Ávila, Burgos, Palencia, Salamanca, Soria e Guadalaxara-, máis do 80% dos seus municipios non superan os 500 habitantes.


Municipios que concentran o 90% da poboación.



Máis de 42 millóns de habitantes, que equivalen ao 90% da poboación, se concentran en 1.500 municipios, nunha superficie que supón o 30% do territorio do país. Outros 4,6 millóns, é dicir o 10%, repártense polo 70% restante, cunha densidade media que non supera os 14 hab/Km².



Municipios que concentran só o 10% da poboación.

O informe "Poboación e despoboación en España 2016" da Federación Española de Municipios e Provincias considera municipios en "risco de extinción" aqueles que non superan os 500 habitantes. Nesta situación atópanse na actualidade, segundo os datos do padrón a 1 de xaneiro de 2018, o 49,13% dos 8.124 municipios españois, é dicir, 3.991.



A densidade media de pob. en Galicia era de 92,39 hab/km² a principios de 2015 (94,5 hab/km² no ano 2011), cifra semellante á media española. Pero esa cifra esconde **fortes desequilibrios**: é maior a concentración da poboación nos municipios costeiros, cunha economía máis diversificada, que nos de interior, aínda moi dependentes das actividades agrarias, o que supuxo no pasado recente un forte *éxodo rural*, que explica o actual despoboamento.

DENSIDADE DE POBOACIÓN (hab/km²) EN 2014




La concentración de población en Galicia

55 de los 313 concellos gallegos...




...concentran el **69,8 %** de la población...

...en el **17,6 %** de la superficie



Los concellos que han perdido población entre el 2017 y 1996

- Del 0,1 al 20 %
- Del 20,1 al 40 %
- Más del 40 %



Número de concellos según su evolución

Crece la población

69

Se mantiene

1

Baja entre el 0,1 y el 20 %

74

Baja entre el 20,1 y el 40 %

146

Baja más del 40 %

23

O 70% dos habitantes de Galicia viven no 17,6 % do territorio da Comunidade, no que se inclúen os 55 municipios con máis de 10.000 veciños. O 30 % restante do censo dispérsase nos 258 municipios restantes, que teñen entre menos de mil e 10.000 habitantes e que suman o 82,36 % do mapa de Galicia.



En Vilariño de Conso, na montaña ourensá hai 2,7hab/Km²

Se cuentan Oza-Cesuras y Cerdedo-Cotobade como concellos fusionados también en 1996 para facilitar la comparación

Fuente: IGE y elaboración propia


LA VOZ

MOTIVOS DESA DISTRIBUCIÓN IRREGULAR


A **explicación e orixe do desequilibrio** na distribución da poboación española está en razóns históricas, económicas e, en menor medida, naturais.

- **Ata o século XIX**
 - Factores físicos
 - Clima ± benigno
 - ± Altitude media
 - Relevo ± accidentado
 - ± Proximidade ao mar
 - Recursos naturais
 - Terras ± fértiles que faciliten a agricultura
 - Outros recursos: minerais, explotación forestal, pesca...

Desempeñan un papel primordial na distribución da poboación.



Pero desde mediados do s. XIX serán **razóns basicamente económicas** as que expliquen a **redistribución** da poboación sobre o territorio español, provocando importantes densidades na costa e despoboamento no interior.



• **No s. XIX importantes densidades**

- **Madrid**, por ser capital política e centro financeiro...
- As rexións periféricas de **Asturias** (minería), **P.Vasco** (altos fornos) e **Cataluña** (téxtil) comezan o seu proceso de industrialización.
- As rexións periféricas de Andalucía, Galicia e Murcia polo alto crecemento demográfico.

-**Atraen a chegada de pob. procedente das provincias de interior**, que comezan a sufrir un forte *éxodo rural*, dado que son zonas de economía atrasada, de agricultura extensiva de secaño... E non debemos esquecer que, neses momentos, tamén perdían pob. que emigraba a América Latina!.

Pozo Barredo, Mieres - Asturias



• **Nas décadas dos 50 e 60 do s.XX**


- A partir dos 50 o **proceso de industrialización intensifícase** e volve a supoñer un enorme *éxodo rural* desde as provincias de interior cara ás rexións máis industrializadas, nas que buscan un posto de traballo na industria, minería, construción...

- Madrid
- Asturias
- País Vasco
- Cataluña

- A partir dos 60 o inicio do **auxe do turismo** supuxo unha importante chegada de inmigrantes desde as rexións de interior cara ás rexións turísticas, nas que buscan un traballo no sector servizos, construción...


- Costa mediterránea
- 2 arquipélagos

- Ademais non debemos esquecer que esas décadas foron tamén anos de importante **emigración exterior** a Europa, o que agudizou a perda de pob. nas provincias de interior!




Todo ese transvase de poboación desde as prov. de interior cara ás rexións de economía máis dinámica e diversificada da periferia peninsular supuxo **importantes consecuencias demográficas:**

Despoboamento



Imp.densidades



Pobo abandonado en Soria





Chabolismo en Madrid na década de 1950


Chegada á cidade



MIGRACIONES

-  Comunidad receptora de población
-  Comunidad emisora de población


VOLUMEN DE LOS PRINCIPALES FLUJOS



- 75.000 personas
- 150.000 personas
- 300.000 personas
- 600.000 personas

Gran Vía de Madrid


Densidade de poboación, España 1900



*Pob. Total: 18,9
millóns de hab.*



DENSIDADE DE POBOACIÓN, ESPAÑA 1960



EMIGRACIÓN



Pob. Total: 30,9 millóns de hab.

• A partir de 1975

- Crise económica que supón graves problemas de paro e a paralización do *éxodo rural*.

- As áreas de acollida perden capacidade de atracción, sobre todo Asturias e País Vasco.

- As áreas tradicionalmente emigratorias diminúen as súas saídas e mesmo reciben emigrantes retornados desde as outras Comunidades ou desde Europa, *pero chegan en idade avanzada!*

Folga dos traballadores de Seat,
Barcelona, anos 70



Protesta obreira en Álava, 1976



Federación
Española de
Asociaciones de
Emigrantes
Retornados

• Nos últimos anos

- Os mov. migratorios reducíronse moito e tenden a mitigarse os contrastes:

- A primacía do sector servizos: “*terciarización da economía*”.
- A difusión espacial da industria, que permite localizacións distintas ás tradicionais.
- A modernización das actividades agrícolas axuda a reter a pob. no medio rural.
- O desenvolvemento endógeno: desde 1978 cada Comunidade busca o aproveitamento dos seus recursos para evitar así a perda de pob. (aínda que iso supón movementos dentro da propia Comunidade cara ás cidades + importantes...)
- Mesmo nas grandes cidades se está a producir nos últimos anos unha perda de poboación a favor de municipios cercanos máis pequenos.

-A pesar da diminución do proceso inmigratorio segue a haber rexións que son **focos de atracción:**

- Madrid
- Eixo Mediterráneo
- Val do Ebro

Nos últimos anos foron tamén receptoras dun gran volume de poboación inmigrante estranxeira.

